

ASUNTO:ACTA XUNTA ELECTORAL 30-10-18

FECHA DOCUMENTO:30/10/2018

NIVEL: 10

**ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL DAS ELECCIONS A
PRESIDENTE E ASEMBLEÍSTAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE
BALONCESTO DO 30.10.18.**

En Santiago de Compostela, sendo as 17.15 do día 30 de outubro de 2018, reúnese a Xunta Electoral das Eleccións a Asembleístas e Presidente da Federación Galega de Baloncesto, nos locais da mesma, e baixo a presidencia de D^a Mavi Cruz Rey Montoiro, e a asistencia de D^a Beatriz Seoane Chao e D. Adán Rey Barreiro, este en calidade de Secretario.

Tómanse os seguintes acordos:

1º.- Que unha vez recibida a Resolución remitida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva de data 26 de outubro de 2018, notifícase que nesta se acorda:

"estimar o recurso interposto polo C.B. Costa Artabra contra o acordo da xunta electoral de 18 de outubro de 2018 da FEGATO aceptando en consecuencia a candidatura do Club, cos efectos legais que teña".

Con carácter previo, indicar ao respecto que se ben a resolución citada fai referencia a un acordo da Xunta Electoral da FEGATO (Federación Galega de Tiro Olímpico), entendemos que o mesmo trátase dun erro de forma, tendo que entenderse que a mesma vai dirixida á Xunta Electoral da Federación Galega de Baloncesto.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

2º.- Por imperativo, e en cumprimento do acordado polo Comité Galego de Xustiza Deportiva, en resolución de data 26 de outubro de 2018, acéptase a candidatura do Club Baloncesto Costa Artabra, incluíndose a mesma no estamento de Entidades Deportivas da Provincia de A Coruña, esfelectíndose o acordado na Acta da Xunta Electoral, de data 25.10.18 e no establecido no Regulamento Electoral no seu artigo 21 e 23.

E non existindo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión sendo ás 17.45 horas do día da data.

Asdo. D^a Mavi Cruz Rey Montoiro

Asdo. D^a Beatriz Seoane Chao

Asdo. D. Adán Rey Barreiro